

## CIG-SAUDE INFORMA

go 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño),

**RESOLVO:**

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de catro postos de supervisión de unidade para o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, convocado por Resolución do 8 de marzo de 2010 (DOG do 6 de abril).

Segundo.-Nomear, para os postos que se indican, as persoas citadas no anexo desta resolución.

Terceiro.-Os aspirantes nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión dos postos de traballo adxudicados deberán efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se as prazas desempeñadas e os postos adxudicados son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, e percibiranse os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Coruña, 1 de xullo de 2010.

Alfredo García Iglesias  
Director xerente do Complexo Hospitalario  
Universitario A Coruña

**ANEXO**

Denominación do posto: supervisora de unidade Medicina Interna B.

Nome e apelidos: Matilde Grimalt Díez.  
DNI: 32449399-X.

Denominación do posto: supervisora de unidade Urgencias Teresa Herrera.

Nome e apelidos: M<sup>a</sup> Carmen Hermida Bouzas.  
DNI: 33255194-F.

Denominación do posto: supervisora de unidade Laboratorio de Microbioloxía.

Nome e apelidos: Isabel Bermúdez Ares.  
DNI: 33211861-E.

Denominación do posto: supervisora de unidade Partos e Alto Risco.

Nome e apelidos: Juana Ruiz Garzón.  
DNI: 25970549-F.

*Resolución do 16 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, relativa á publicación de puntuacións definitivas, conclusión da fase de oposición e a apertura do prazo da fase de concurso do proceso selectivo para ingreso na especialidade de facultativo/a especialista de área de psiquiatría.*

A base sexta A) das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que, tras a publicación das puntuacións dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

Ademais, o número 1 da base sexta B) dispón que, rematada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia*, en que se declarará rematada a fase de oposición e se abrirá un prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa publicación, para que estes aspirantes acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Á vista das reclamacións presentadas en prazo, o tribunal confirmou as listaxes de puntuacións definitivas outorgadas aos/ás aspirantes, polo que procede agora darlle publicidade, facultándose para iso expresamente a este centro directivo, polo que

**RESOLVO:**

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas dos exercicios da fase de oposición acadadas polos/as aspirantes da categoría de facultativo/a especialista

de área de psiquiatría, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, confirmándose o modelo de respostas correctas e declarar rematada a fase de oposición.

A estimación ou desestimación das reclamacións, de ser o caso, entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-Publicar a relación dos/as aspirantes que superaron a fase de oposición das citadas categorías, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

Terceiro.-Abrir o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

- a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.
- b) Na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- c) Nas xefaturas territoriais de Sanidade dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- d) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.
- f) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.
- g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os méritos alegados nesta fase de concurso entenderanse referidos como máximo ata o día 28 de xaneiro de 2007.

Cuarto.-Todos/as os/as aspirantes que superaran a fase de oposición deberán achegar obrigatoriamente fotocopia compulsada do seu DNI e fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría.

Ademais, os/as que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da respectiva convocatoria.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA (SECCIÓN TERCEIRA)

*Edicto (346/2009-L).*

Manuel Ferreiro González, secretario da Sección Terceira da Audiencia Provincial, certifico que no recurso de apelación 346/2009-L, se ditou sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do teor literal seguinte:

«Sentenza.

Presidente: Juan Ángel Rodríguez Cardama.

Maxistrados: María José Pérez Pena e Rafael Jesús Fernández-Porto García.

Na Coruña, vinte e dous de marzo de dous mil dez.

Visto este recurso de apelación tramitado baixo o número 346 de 2009, pola Sección Terceira desta Audiencia Provincial, constituída polos maxistrados que anteriormente se relacionan, interposto contra a sentenza ditada o 16 de marzo de 2009, nos autos de xuízo verbal procedentes do Xulgado de Primeira Instancia número dous da Coruña, ante o que se tramitaron baixo o número 1552/2008, nos que son parte, como apelante, a demandante *Xestión Urbanística da Coruña, S.A.*, con domicilio social na Coruña, rúa rolda de Nelle, 12, bis, 1º, con número de identificación fiscal A-15.041.411, representada polo procurador Ramón de Uña Piñeiro, baixo a dirección da avogada Marta Pérez Vázquez, e como apelada a demandada María del Carmen Fernández Méndez, maior de idade, veciña da Coruña, con domicilio na rúa Santa María 9-11, 1º B, en situación procesual de rebeldía na instancia; versando a apelación sobre reclamación de cantidade por rendas debidas.

Decidimos: estimando o recurso de apelación interposto en nome de *Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.*, contra a sentenza ditada o 16 de marzo de 2009 polo Xulgado de Primeira Instancia número dous da Coruña, nos autos de xuízo verbal seguidos co número 1552/2008, pola súa instancia contra María del Carmen Fernández Méndez, debemos revogar e revogamos a dita resolución, e, na súa virtude, estimando integramente a demanda formulada, debemos declarar e declaramos que María del Carmen Fernández Méndez debe a *Xestión Urbanística da Coruña, S.A.*, a cantidade de mil douscentos cincuenta euros con vinte céntimos (1.250,20 euros); condenando a dita demandada ao aboamento da mencionada cantidade, que devengará o xuro previsto no artigo 576 da Lei de axuízamento civil contado desde esta resolución. Todo iso con expresa imposición de custas causadas na instancia da demanda, e sen especial pronunciamento en canto ás devengadas nesta alzada.

Notifíquese esta resolución, con indicación de que contra ela non cabe ulterior recurso, ao se tratar dun xuízo verbal por razón da contía.